

GUÍA DE PRACTICUM

MATERIA: PRÁCTICAS EXTERNAS [12 ECTS]

Curso 2022-2023

GUÍA DE PRACTICUM

1. Introducción

Esta guía pretende ser unha axuda para o alumnado do **Mestrado de Educación Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas**, que ten que cursar o Módulo PRACTICUM que se divide en dúas materias (Prácticas Externas e Traballo Fin de Mestrado).

O modelo que se propón dende a Universidade de Vigo pretende planificar a formación práctica do estudiantado en función das competencias profesionais, transversais e específicas de cada unha das especialidades. Estas prácticas, asociadas a cada unha das especialidades, teñen como obxecto crear un espazo formativo no que o futuro colectivo profesional docente poña en práctica e reflexione sobre os coñecementos e destrezas adquiridas no mestrado.

2. Obxectivos

O Practicum de cada unha das especialidades do Mestrado ten como finalidade principal alcanzar os seguintes obxectivos xerais:

- Acadar experiencia na planificación, a docencia e a avaliación das materias correspondentes á especialidade.
- Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente, tanto lingüística coma científica.
- Dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia nas aulas e centros educativos.
- Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión baseada na práctica.

Ademais destes obxectivos xerais, para a especialidade de **Formación Profesional** búscase:

- Acadar un coñecemento da tipoloxía das empresas/institucións.
- Comprender os sistemas organizativos máis comúns das empresas/institucións.
- Potenciar o interese pola profesión.

MATERIA: PRÁCTICAS EXTERNAS

Horas presenciais no centro: 150 horas (4 horas diarias aproximadamente)

FASES DAS PRÁCTICAS

Fase 1: INFORMACIÓN

A Coordinación do Mestrado entrega información ao alumnado sobre o proceso para que, antes de incorporarse ás prácticas, estea informado e formado sobre algunhas tarefas. Esta documentación ten a finalidade de:

- a) Coñecer o proceso de prácticas externas.
- b) Presentar a guía de prácticas.

Fase 2: PERÍODO DE ADAPTACIÓN (Primeiros días no centro)

Nos primeiros días establecerase o primeiro contacto co centro e coñeceranse ás persoas coordinadoras e titoras dos centros de prácticas, coas que se concretará o horario a realizar no período de prácticas. Unha vez coordinado o proceso, comezaráse a traballar co titor/a.

Fase 3: OBSERVACIÓN

Algúns dos ámbitos a observar serán:

a) NO CENTRO

Contidos

- Proxecto educativo
- A estrutura organizativa: órganos colexiados, órganos unipersoais, comisións, etc.
- Documentos e proxectos de Centro, así como programación de centro, programacións de departamentos, programacións das materias, etc.
- As colaboracións do centro con institucións alleas (concellos, asociacións veciñais, sindicatos, et.).
- Relacións entre grupos: inmigrantes, etnias, igualdade de xénero, minorías lingüísticas, etc.

b) NA AULA

Contidos

- As tarefas do profesorado: deseño, intervención, avaliación.
- Desenvolvemento e avaliación das competencias básicas (no caso da ESO).
- As secuencias de aprendizaxe: metodoloxía docente, ritmos, estrutura de sesión, estratexias didácticas.
- Relacións entre profesorado e alumnado, estudantes entre si, etc.
- Motivación do alumnado pola aprendizaxe, interese polas tarefas escolares.
- Atención á diversidade.

Fase 4: INTERVENCIÓN

A fase de intervención ten dúas partes claramente diferenciadas pero conectadas:

a) Deseño da ensinanza

Nesta primeira parte o alumno ou a alumna traballará coa persoa titora do centro co obxectivo de coñecer as características da intervención docente desta persoa:

- Que contidos vai impartir. Selección e secuenciación
- Que obxectivos e competencias quere acadar.
- Que metodoloxía docente vai utilizar.
- Que actividades vai desenvolver para acadar eses obxectivos e competencias
- Que recursos e materiais utilizará para cada sesión.
- Como se vai realizar a avaliación deses obxectivos e competencias. Deseño e aplicación de instrumentos de avaliación (non só exames).

O alumnado ten que desenvolver algunhas sesións na aula, sempre en presenza da persoa titora. O número e tipoloxía destas sesións deberá establecerse por acordo ou contrato didáctico entre o titorando/a e o profesorado titor. Este último deberá permitir que o alumnado experimente actividades, proxectos ou UD nestas sesións. Será tarefa do profesorado titor axudar neste proceso de deseño e realización facilitando os materiais didácticos necesarios ou a súa busca, e, no seu caso, dirixindo o proceso de investigación. En ningún caso, o alumnado en prácticas poderá ocuparse dun

aula en ausencia do titor ou titora. Tampouco poderá encargarse da docencia para cubrir ausencias do profesorado do centro.

b) Intervención

O alumnado terá que implementar o traballo ao que se fai referencia no punto anterior. Isto implica a posta en práctica das sesións deseñadas. En permanente contacto, orientado e supervisado polo profesorado titor, exercerá a experiencia de impartir as sesións acordadas previamente.

Fase 5: AVALIACIÓN

O alumnado do Mestrado deberá levar a cabo unha experiencia en actividades de avaliación (non implica realización de exames, senón que pode avaliar pequenas actividades, detectar ideas previas, etc.) que plasmará na memoria. A persoa titora deberá axudalo a comprender a responsabilidade e a importancia dos procesos avaliativos e a entendela como algo indispensable na vida profesional do docente e nos procesos de ensino e aprendizaxe. Así mesmo deberá avaliar a efectividade das actividades deseñadas e realizadas na fase de intervención, analizando a eficacia e adecuación da súa propia actuación no contexto docente pertinente (autoavaliación).

DOCUMENTACIÓN RELACIONADA COAS PRÁCTICAS

Cando iniciades a toma de contacto cos centros de prácticas é preciso que aportedes no centro a seguinte documentación:

- Compromiso de confidencialidade (Anexo III desta guía). Documento no que vos comprometedes a manter a confidencialidade da documentación á que teredes acceso no centro. É preciso que entreguedes unha copia no centro e outra a a debedes incluír na memoria de prácticas.
- Certificado de delitos de natureza sexual (Anexo IV desta guía). Tal e como determina a normativa vixente, é preciso que tódalas persoas que traballan habitualmente con menores aporten no seu centro de traballo o certificado de non ter delitos de natureza sexual. No anexo indícase como solicitar este documento.
- Parte de control de asistencia (Anexo V desta guía). Debe ser cuberto e asinado pola persoa ou persoas que leven a titorización nos centros e o alumnado titorizado.

FORMATO, ESTRUCTURA E ENTREGA DA MEMORIA

Realización e entrega individual

Formato e extensión: Espazo interlineal 1,5;

Marxe superior e inferior 2,5

Marxe interior e exterior 3.

Fonte 12 (Arial ou similar)

Extensión máxima 30 páxinas numeradas (índice e bibliografía incluídos). Non se contabilizarán portada nin anexos. (Ver estrutura no ANEXO I)

Entrega: 2 copias PDF (unha na plataforma de teledocencia e outra ao titor).

DATAS

Do 28/11/2022 ao 02/12/2022: Período de prácticas (Toma de contacto, coñecemento do centro)

Do 27/02/2023 ao 21/04/2023: Período de prácticas.

(Estas datas poderán flexibilizarse co acordo da persoa titora e o centro. Non se poderá comezar ata que o centro estea acreditado)

Data límite de entrega da versión definitiva da memoria de prácticas á coordinación do Mestrado e titores/as da Universidade

23/01/2023: Convocatoria adiantada (só alumnado de continuación)

22/05/2023: 1ª Convocatoria.

26/06/2023: 2ª Convocatoria.

AVALIACIÓN

PRÁCTICAS EXTERNAS	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
Informe da titora ou titor externo	Terase en conta a valoración das prácticas realizada pola titora ou titor a través: - Dos argumentos expresados por, que debe incluír, ademais, unha folia de sinaturas na que consten as horas de asistencia do alumno ou da alumna correspondente. - Puntuación das prácticas realizadas, cumprimento de horarios e datas, etc. Puntuación de 0 a 10 puntos
Memoria das prácticas (valorada pola persoa titora da Universidade)	A valoración da memoria de prácticas farase en relación coa memoria desenvolvida, na que se considerará: claridade, estrutura organizativa, contido, xustificación e argumentación, competencias docentes e discentes implicadas, etc. Puntuación de 0 a 10 puntos
Nota Final: Media entre as cualificacións da persoa titora externa e o persoa titora da Universidade	

PRÁCTICAS EXTERNAS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA MEMORIA
--------------------	------------------------------------

-A memoria se axusta ao esquema proposto na guía de prácticas

-O alumnado é quen de planificar as materias correspondentes á especialización que está a cursar.

-O alumnado é quen de avaliar as materias correspondentes á especialización que está a cursar.

-O alumnado é quen de dominar destrezas e habilidades sociais, así como demostrar un bo dominio da expresión oral e escrita, necesarios para fomentar un bo clima de aprendizaxe.

-O alumnado é quen reflexionar sobre a súa práctica docente así como propoñer accións de mellora

Considerarase:

- Claridade
- Estrutura organizativa
- Contido
- Xustificación e argumentación
- Competencias docentes e discentes implicadas, etc.

ANEXO I: ESTRUCTURA DA MEMORIA DE PRÁCTICAS

(Esquemas orientativos e flexibles)

▪ **Alumnado que realiza as prácticas completas**

Realización dunha memoria de prácticas, na que se inclúa o **deseño dunha tarefa de aula , un proxecto ou unha unidade didáctica.**

Corpo da memoria ou proxecto

Portada

(incluírá: logotipo e nome da Universidade, Facultade onde se cursa e Campus; Nome da Titulación; Nome da institución externa onde se realizaron as prácticas; Nome e apelidos do titor-a externo; Nome e apelidos da titora da Universidade; Nome e apelidos do alumno-a; Lugar, día, mes e ano da presentación; Curso académico correspondente).

Índice (paxinado)

Introdución

1. Contextualización das prácticas

2. Deseño orixinal dunha unidade didáctica, actividade de aula ou dun proxecto

3. Descrición do desenvolvemento do traballo co alumnado

4. Valoración (autoavaliación), avaliación, propostas de mellora e conclusións finais do traballo realizado debidamente xustificadas .

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS (deben estar citadas no texto, seguindo normas de referencia, por exemplo as da APA).

ANEXO: Calquera documentación que se considere oportuna.

▪ **Alumnado coas prácticas recoñecidas**

Deseño de tarefas/actividades innovadoras dentro do contexto da aula, relacionadas cos contidos que se estean a desenvolver nese momento. Total actividades: unha por cada 10 horas que o alumnado pase no centro.

Corpo do traballo

Portada

(incluírá: logotipo e nome da Universidade, Facultade onde se cursa e Campus; Nome da Titulación; Nome da institución externa onde se realizaron as prácticas; Nome e apelidos do titor-a externo; Nome e apelidos da titora da Universidade; Nome e apelidos do alumno-a; Lugar, día, mes e ano da presentación; Curso académico correspondente).

Índice (paxinado)

Introdución

1. Contextualización das prácticas

2. Deseño de actividades (proponse o seguinte esquema con carácter ORIENTATIVO):

- Enunciado ou título da tarefa/actividade
- Obxectivos didácticos
- Competencias clave (aportación das actividades descritas á consolidación das competencias)
- Metodoloxía (modelo didáctico, estratexias metodolóxicas, tipo de agrupamentos, organización da aula...)
- Actividades (tarefas, actividades, exercicios e temporalización)
- Recursos (humanos, materiais, TIC)
- Avaliación (tipos, criterios, estándares e instrumentos de avaliación a utilizar), e a súa relación coas competencias clave.

3. Valoración, autoavaliación, propostas de mellora e conclusións finais debidamente xustificadas

4. Referencias Bibliográficas (deben estar citadas no texto, seguindo normas de referencia, por exemplo as da APA).

ANEXOS: Calquera documentación que se considere oportuna

▪ Alumnado que realiza as prácticas en Orientación Educativa

Portada

(incluíra: logotipo e nome da Universidade, Facultade onde se cursa e Campus; Nome da Titulación; Nome da institución externa onde se realizaron as prácticas; Nome e apelidos do titor-a externo; Nome e apelidos da titora da Universidade; Nome e apelidos do alumno-a; Lugar, día, mes e ano da presentación; Curso académico correspondente).

Índice (paxinando).

INTRODUCCIÓN (Poderás incluír unha consideración xeral sobre a importancia do prácticum; xustificación do interese persoal e/ou profesional)

1.CONTEXTUALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

Será abordada con brevidade.

- **Encadre do centro onde se realizaron as prácticas:**

Ubicación. Espazo/s utilizados/dispoñibles, Servizos, Horario lectivo, tipo de xornada, etc.

- **Profesorado e outros profesionais (nº, especialidade, etc.), alumnado (nº de estudantes totais, por aulas e/ou curso, etc.), etc.**

- **Aspectos asociados co Departamento de Orientación:**

Horario do Orientador/a e no posible do PT e/ou AL. Tarefas principais do orientador/a. Tipo de recursos materiais dispoñibles polo orientador/a para os procesos de avaliación psicopedagóxica, o reforzo do proceso de ensino-aprendizaxe, etc. Número de alumnado con n.e.e. e n.e.a.e. detectado e tipoloxía.

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES OU TRABALLO DESENVOLTO

(Segundo proceda realizar unha síntese sobre o tipo de actividades realizadas durante as prácticas comentando para cada unha unha estrutura coherente, no que resulte de utilidade pode empregarse ou adaptarse a seguinte)

De avaliación/similares (indicar se é posible):

Probas pasadas, nas que se participou, de ser o caso. Análise e conclusións, se procede, das necesidades educativas detectadas. Posible proposta pedagóxica de intervención (a modo de exemplo deseñar unha).

De tipo didáctico (dirixidas a prevención/convivencia/inclusión/similares). **Indicar segundo proceda:**

Enunciado ou título, Destinatario/s, Descrición (detallando os pasos ou a secuenciación das tarefas que compuxeron cada actividade desenvolvida)

- *Tipo de agrupamento*
- *Organización do espazo*
- *Temporalización*
- *Recursos/materiais empregados*
- *Avaliación aplicada*

De outro tipo (indicar se procede)

3. VALORACIÓN SOBRE AS PRÁCTICAS CURRICULARES

(realiza unha reflexión e valoración en profundidade sobre a realización das prácticas, incluíndo: sensacións positivas e negativa, beneficios e problemáticas atopadas, etc.)

4. PROPOSTAS DE MELLORA (de calquera tipo que consideres oportuno)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS (só se se citou no texto, seguindo a norma de referenciación da APA).

ANEXOS

(poderase incluír como anexos calquera documentación referida o prácticum que se considere oportuna)

ANEXO II: COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE**COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE**

Don/dona _____, con DNI _____, correo electrónico _____ e teléfono _____;

Alumno/a do practicum do Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas, na Universidade de Vigo, no centro de prácticas _____, da provincia de _____, consciente da importancia da labor profesional que se desenvolve no centro, da información sobre as persoas que se manexa neste, e da documentación á que terá acceso, comprométese a respectar o anonimato sobre esas informacións e documentación a todos os efectos, incluído o da posible divulgación para fins académico-científicos.

Para que así conste para todos os efectos asino en _____, a ____ de _____, de 20__.

Asdo.

(Cada alumno/a asinará dous exemplares deste compromiso; e deberá incluír un exemplar na memoria e outro no centro onde realice as prácticas)

ANEXO III: CERTIFICADO DE DELITOS DE NATURALEZA SEXUAL**Certificado de Delitos de Naturaleza Sexual**

<https://sede.mjusticia.gob.es/es/tramites/certificado-registro-central>

Qué es

Es un certificado que permite acreditar la carencia de delitos de naturaleza sexual o, en su caso, la existencia de los mismos.

La [Ley Orgánica 1/1996](#), de Protección Jurídica del Menor, modificada por la [Ley 26/2015](#) y la [Ley 45/2015](#), de voluntariado establecen la obligación de que se aporten certificados negativos del Registro Central de Delincuentes Sexuales para todos los profesionales y voluntarios que trabajan en contacto habitual con menores.

El certificado de Delitos de Naturaleza Sexual se expide en cumplimiento de normativa española y es válido únicamente en España, por tanto, no se apostilla ni legaliza. Si desea un certificado para poder trabajar con menores en otro país deberá solicitar un [certificado de Antecedentes Penales](#) y apostillarlo o legalizarlo según el país donde deba surtir efectos legales.

Quién puede solicitarlo/presentarlo

Cualquier persona física mayor de edad.

Si el solicitante no es español, además del certificado del Registro Central de Delincuentes Sexuales debe pedir un certificado de su país de nacionalidad.

En el caso de personas menores de edad, deberá estar representado por uno de los progenitores o tutor legal.

Información adicional

Este certificado **es gratuito**.

Procedimiento

La solicitud y entrega de los certificados se hará preferentemente por medios electrónicos, de conformidad con la Ley 11/2007, de 22 de junio. De esta forma obtendrá el certificado en el mismo momento de la solicitud. Únicamente en caso de que sea necesario resolver algún problema de identificación o coincidencia de datos, se le enviará un sms a su teléfono móvil con el Código Seguro de Verificación que le permitirá la descarga del certificado de delitos de naturaleza sexual.

Para obtenerlo por este medio, es necesario disponer de un certificado electrónico y acceder a la [Sede Electrónica del Ministerio de Justicia](#). La Sede Electrónica del Ministerio de Justicia permite cualquier certificado electrónico de la plataforma @firma, el [DNI-e](#) y [Cl@ve PIN](#). La obtención de uno de esos sistemas de identificación electrónica le permite conseguir los certificados de delitos de naturaleza sexual de forma rápida y sencilla, así como la realización de otros trámites con la Administración. Existen [multitud de oficinas](#) con una amplia distribución geográfica que realizan la identificación necesaria para obtener los certificados electrónicos. Puede solicitar a través de la [Agencia Tributaria la Cl@ve](#)

PIN para que se le envíe por correo a su domicilio. De esta forma, podrá obtener el certificado de delitos sexuales sin necesidad de desplazarse a una oficina del Ministerio de Justicia.

La información que se expone a continuación únicamente le afecta si va a realizar su solicitud de forma presencial.

La expedición y entrega del certificado no siempre se realiza en el acto de presentar la solicitud, dependiendo de la capacidad de gestión de cada oficina y en cada momento. En los casos en que no se pueda expedir en el momento, se solicita una fotocopia del DNI del interesado para evitar errores en la expedición y se envía un SMS al teléfono móvil del solicitante, con el Código Seguro de Verificación (CSV) que le permitirá descargárselo desde la Sede Electrónica.

1. La solicitud se presentará debidamente cumplimentada con letra mayúscula y legible en:

- Las Gerencias Territoriales del Ministerio de Justicia.
- En Madrid, en la Oficina Central de Atención al Ciudadano.
- En las Delegaciones y Subdelegaciones de Gobierno.

2. Acreditación de la identidad de quien lo solicita

- El interesado

Original o fotocopia compulsada del DNI, Tarjeta de Residencia, Pasaporte, Carnet de conducir o documento de identificación comunitario o equivalente, en vigor, de la persona respecto de la que se solicita la certificación, **siempre que el documento presentado permita identificar fehacientemente a ésta. La presentación de la fotocopia del documento** que acredita la identidad evita errores y agiliza la tramitación del certificado cuando este no se entrega en el momento

- Otra persona que lo representa

CUANDO EL CERTIFICADO NO SE SOLICITA PERSONALMENTE POR EL INTERESADO SINO POR OTRA PERSONA QUE LO REPRESENTA, ésta además de acreditar su identidad mediante la documentación del punto 2, deberá aportar:

- Original o fotocopia compulsada del documento de identificación en vigor del representado.
- Original o fotocopia compulsada del documento que acredite la representación por cualquier medio válido en derecho que deje constancia fidedigna de la misma (documento público autorizado por notario, documento privado con firmas legitimadas por notario o documento privado, otorgado en comparecencia personal del interesado ante empleado público, que hará constar esta circunstancia mediante diligencia) o, en caso de los progenitores del menor de edad, el libro de familia.

El certificado de delitos de naturaleza sexual **no se puede solicitar** de manera individual por **correo postal**.

Cómo solicitarlo/presentarlo

[Por internet](#)

PRACTICUM DO MESTRADO UNIVERSITARIO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINO DE IDIOMAS
(150 horas presenciais no centro)

[illegible]

(Engádanse as follas que sexan necesarias)

ANEXO V**FICHA DE AVALIACIÓN INDIVIDUAL** (A CUBRIR POLO TITOR/A DO CENTRO)**A) DA PERSOA TITORA EXTERNA****1. Datos persoais alumn_**

Apelidos e nome:

Itinerario:

2. Datos da persoa titora

Apelidos e nome:

Especialidade:

Nome da institución:

Enderezo:

Teléfono:

e-mail:

Unha vez rematado o período de prácticas:**a) ¿Que destacaría desta alumna ou alumno como máis positivo?****b) ¿Que aspectos considera que precisa mellorar?****➤ Valoración global:** valore vostede cal debe ser a puntuación desta alumna ou alumno, de **0 a 10 puntos**, en relación cos anteriores argumentos:**INDIQUE A CALIFICACIÓN NUMÉRICA:***Sinatura da persoa titora**Selo da Institución*

_____, ____ de ____ de ____

NOTA: No se esqueza, achegar a folia de sinaturas da asistencia para entregar o coordinador/a de prácticas do centro xunto coa demais documentación para remitirla a Secretaría Docencia Mestrado Secundaria mastersecundaria@uvigo.es

Equipo coordinador das prácticas pola Universidade de Vigo

CAMPUS DE VIGO

Josefina Garrido González
Cristina Batlle Penela

Secretaría Docencia Mestrado Secundaria

Facultade de Bioloxía
Campus Lagoas-Marcosende 36200 Vigo
Tfno. 986 818667
E-mail: jgarrido@uvigo.es
mastersecundaria@uvigo.es

CAMPUS DE OURENSE

M^a Carmen Ricoy Lorenzo
Cristina Batlle Penela

Facultade de CC. da Educación, Campus Ourense,

Avd./ Castelao, s/n . Pavillón 2, desp. 27, baixo
32004 Ourense
Tlf.: 988 387065
E-mail: cricoy@uvigo.es
mastersecundaria@uvigo.es

CAMPUS DE PONTEVEDRA

Salvador González González
Cristina Batlle Penela

Secretaría Docencia Mestrado Secundaria

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
Despacho 110 Campus A Xunqueira 36005 Pontevedra
Tfno. 986 802036
E-mail: salva@uvigo.es
mastersecundaria@uvigo.es